



A Sociedade da Información en Galicia
desde unha perspectiva de xénero

Edición 2020

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2020

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice de Contidos

- | | |
|--|---------|
| 1. Introducción | Páx. 4 |
| 2. A Fenda Dixital de Xénero | Páx. 5 |
| 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses | |
| 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses | |
| 2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses | |
| 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet | |
| 3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat | Páx. 22 |
| 4. Conclusións | Páx. 36 |





1. Introducción

1. Introducción




Obxectivos

Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia .

Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

Fontes de Información

- 📶 Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2019
- 📶 Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H). INE. Ano 2019
- 📶 Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2019




2. A Fenda Dixital de Xénero

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses



Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A fenda de xénero é practicamente nula no uso de dispositivos electrónicos tales como ordenadores portátiles ou de sobremesa, PDA ou tablet, etc. entre mulleres e homes en Galicia.

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses



Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade condiciona o uso diferencial de dispositivos electrónicos entre os homes e mulleres. Os resultados amosan que o uso deste tipo de dispositivos é incluso superior entre as mulleres galegas, excepto nos tramos de idade máis avanzada. A fenda de xénero rexístrase entre os maiores de 65, con maior uso de dispositivos dixitais por parte dos homes (6,7 puntos porcentuais de distancia).

2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses



Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Co aumento do nivel de estudos redúcese a fenda dixital de xénero; cando os estudos superan os primarios e secundarios, incrementase ou igúálase a porcentaxe de mulleres e homes que empregan dispositivos electrónicos en Galicia.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo
Comparativa Galicia-España




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No uso de internet nos últimos tres meses, a fenda dixital en Galicia é practicamente inexistente; 0,6 puntos porcentuais máis de uso entre os homes. Tampouco a nivel estatal se aprecian diferenzas entre homes e mulleres.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e idade




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Por idades, no uso de Internet repítese un patrón similar ao do uso de dispositivos electrónicos porque existe fenda de xénero só a partir dos 65 anos. Cabe salientar a vantaxe de 3,5 puntos no uso de internet das mulleres de 45 a 54 anos.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados




A medida que o nivel formativo é máis elevado, as diferenzas de uso de internet entre homes e mulleres redúcense ou desaparecen. A maior diferenza atopámola entre aquelas mulleres que só teñen estudos primarios que, hoxe en día, presentan un uso 10 puntos porcentuais menor que os homes no uso de Internet.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral




As mulleres en situación de desemprego e as que realizan traballos sen remuneración ou sociais mostran un maior uso de Internet ca os homes.

Pola contra, aquelas mulleres que realizan tarefas do fogar ou ben están xubiladas, usan menos internet ca os homes nesa situación laboral.


2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Evolución do indicador Uso de Internet nos últimos tres meses Comparativa Galicia – España



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes



Fonte: IGE (2019)

A fenda de xénero está a reducirse no nivel de uso de internet, tanto en Galicia como España.


A fenda redúcese en Galicia nun 80%, pasando de 3 puntos de diferenza aos 0,6 entre 2016 e 2019.

2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses



Porcentaxe de homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Fenda de Xénero
Islandia	99	99	99	0
Noruega	98	98	98	0
Dinamarca	97	97	97	0
Suecia	97	98	98	-1
Luxemburgo	96	97	96	-1
Países Baixos	96	97	96	-1
Finlandia	96	95	95	1
Suíza	96	97	97	-1
Reino Unido	95	96	96	-1
Alemaña	92	94	93	-2
Irlanda	92	88	90	4
España	91	91	91	0
Estonia	90	91	90	-1
Francia	90	89	89	1
Bélxica	89	91	90	-2
República Checa	86	88	87	-2
Chipre	86	86	86	0
Malta	86	86	86	0
UE28	85	87	86	-2
Letonia	85	87	86	-2
Austria	85	90	88	-5
Galicia	85	86	86	-1
Lituania	82	81	82	1
Eslovenia	82	84	83	-2
Eslovaquia	82	83	83	-1
Macedonia	81	82	81	-1
Hungría	80	81	80	-1
Polonia	80	81	80	-1
Croacia	76	82	79	-6
Grecia	74	77	76	-3
Portugal	74	77	75	-3
Serbia	74	81	77	-7
Italia	73	78	76	-5
Rumania	72	75	74	-3
Montenegro	71	75	73	-4
Turquía	68	80	74	-12
Bulgaria	67	69	68	-2
Bosnia e Herzegovina	67	73	70	-6



Países con maior fenda de xénero:
Turquía (-12), Croacia (-6), Bosnia e Herzegovina (-6), Serbia (-7), Austria (-5) e Italia(-5).

Países con menor fenda de xénero:
Irlanda (4), Finlandia (1), Francia(1) e Lituania (1).


- Maior ou igual porcentaxe de mulleres
- Fenda: maior que 0 e menor ou igual que 2 puntos
- Fenda: maior que 2 e menor ou igual que 5 puntos
- Fenda: maior que 5 puntos

Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE) / INE (2019) / EUROSTAT (2019)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses



*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo
Comparativa Galicia-España*



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


A porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 2,1 puntos á que se rexistra entre as mulleres.

Pola contra, a nivel estatal son as mulleres as que en maior proporción mercaron algún ben ou servizo nos últimos doce meses (2,1 puntos porcentuais a prol das mulleres).

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un factor moi condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo a través de internet.


As mulleres de menos de 55 anos utilizan a rede como canle de compras en maior medida que os homes.

A tendencia invértese dende os 55 anos en adiante.

2.3. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Mentres as mulleres ocupadas nas tarefas do fogar mercan por internet menos que os homes (17,4 puntos porcentuais), as mulleres que están a estudar, en situación de desemprego e ocupadas adquieren máis bens ou servizos online ca os homes. Entre os xubilados tamén os homes compran máis. Tras estas tendencias hai tamén factores moi relacionados coa idade, como se viu anteriormente.

2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet



Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No relativo ao uso da eAdministración, as diferenzas entre galegos e galegas son mínimas.


O máis salientable, no indicador relativo á descarga de documentos persoais, a porcentaxe de homes que realizaron este tipo de interacción por internet, supera á de mulleres en 1,9 puntos porcentuais.

2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Porcentaxe de homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para obter información (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron internet para a busca de información				
	Muller	Home	Total	Fenda de Xénero
Dinamarca	92	91	93	1
Finlandia	88	87	88	1
Suecia	81	79	82	2
Noruega	81	82	80	-1
Estonia	76	76	76	0
Países Baixos	78	82	75	-4
Galicia	70	72	71	-2
Letonia	67	62	71	5
Austria	67	67	67	0
Islandia	69	71	66	-2
Suíza	69	72	66	-3
Grecia	65	66	63	-1
República Checa	59	54	63	5
Hungría	61	59	62	2
Lituania	60	59	61	1
Alemaña	61	62	60	-1
Chipre	56	55	57	1
Eslovenia	54	50	57	4
Francia	53	50	55	3
Eslovaquia	56	57	54	-1
España	54	54	53	0
UE28	53	53	53	0
Malta	49	48	51	1
Turquía	61	71	51	-10
Irlanda	51	54	49	-3
Bélxica	49	51	48	-2
Reino Unido	45	45	46	0
Portugal	46	48	44	-2
Serbia	34	34	34	0
Croacia	37	41	32	-4
Polonia	30	29	31	1
Bulgaria	28	26	30	2
Luxemburgo	33	37	30	-4
Macedonia	23	20	26	3
Italia	24	25	24	-1
Montenegro	25	26	23	-1
Bosnia e Herzegovina	21	23	19	-2
Rumanía	11	11	10	0

Base: poboación total de 16 a 74 anos que usou internet nos últimos 12 meses




Países con maior fenda de xénero:

Turquía (-10), Luxemburgo (-4), Países Baixos (-4) e Croacia (-4)

Países con menor fenda de xénero:

Letonia (5), República Checa (5), Eslovenia (4) e Macedonia (3)




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE) / INE (2019) / EUROSTAT (2019)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet



Porcentaxe homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios (puntos porcentuais)

	Muller	Home	Total	Fenda de Xénero
Finlandia	76	78	77	-2
Galicia	66	68	67	-2
Noruega	64	67	66	-3
Suíza	57	65	61	-8
Suecia	54	58	56	-4
Países Baixos	49	60	54	-11
Estonia	53	52	53	1
Islandia	48	53	51	-5
Austria	47	53	50	-6
Hungría	50	50	50	0
Luxemburgo	48	53	50	-5
Irlanda	47	51	49	-4
Dinamarca	46	50	48	-4
Francia	45	44	45	1
Malta	47	42	45	5
Chipre	45	41	43	4
Reino Unido	42	44	43	-2
España	40	41	40	-1
Grecia	38	42	40	-4
Turquía	31	46	39	-15
Bélxica	36	40	38	-4
Alemaña	35	39	37	-4
Lituania	37	38	37	-1
UE28	36	38	37	-2
Eslovenia	33	30	32	3
República Checa	33	31	32	2
Croacia	27	32	30	-5
Eslovaquia	29	31	30	-2
Polonia	30	29	30	1
Portugal	26	31	28	-5
Italia	20	22	21	-2
Letonia	25	17	21	8
Serbia	19	23	21	-4
Bulgaria	19	16	18	3
Montenegro	14	19	17	-5
Bosnia e Herzegovina	12	16	14	-4
Macedonia	11	13	12	-2
Rumanía	8	9	8	-1



Países con maior fenda de xénero:
Turquía (-15), Países Baixos (-11), Suíza (-8) e Austria (-6)

Países con menor fenda de xénero:
Letonia (8), Malta (5), Chipre (4), Eslovenia (3) e Bulgaria (2)

- Maior ou igual porcentaxe de mulleres
- Fenda: maior que 0 e menor ou igual que 2 puntos
- Fenda: maior que 2 e menor ou igual que 5 puntos
- Fenda: maior que 5 puntos

Base: poboación total de 16 a 74 anos que usou internet nos últimos 12 meses

Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE) / INE (2019) / EUROSTAT (2019)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet



Porcentaxe de homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para enviar formularios (puntos porcentuais)

	Muller	Hom e	Total	Fenda de Xénero
Islandia	78	83	81	-5
Estonia	84	79	81	5
Suecia	78	79	78	-1
Finlandia	74	77	76	-3
Dinamarca	77	75	76	2
Francia	70	70	70	0
Noruega	67	69	68	-2
Galicia	66	67	67	-1
Letonia	67	60	64	7
Irlanda	59	63	61	-4
Países Baixos	55	66	60	-11
Austria	49	58	53	-9
Reino Unido	52	54	53	-2
Lituania	52	53	52	-1
España	52	51	51	1
Turquía	43	51	48	-8
Suíza	42	51	47	-9
Hungría	47	47	47	0
Bélxica	41	48	44	-7
UE28	41	43	42	-2
Portugal	37	41	39	-4
Chipre	40	39	39	1
Polonia	39	37	38	2
Luxemburgo	32	41	37	-9
Grecia	34	39	37	-5
Malta	32	33	32	-1
República Checa	31	26	29	5
Eslovenia	26	24	25	2
Alemaña	20	26	23	-6
Croacia	23	23	23	0
Eslovaquia	19	22	21	-3
Italia	17	19	18	-2
Serbia	15	18	16	-3
Bosnia e Herzegovina	12	17	14	-5
Bulgaria	17	12	14	5
Montenegro	11	13	12	-2
Macedonia	12	12	12	0
Rumania	6	8	7	-2

Base: poboación total de 16 a 74 anos que usou internet nos últimos 12 meses




Países con maior fenda de xénero:

Países Baixos (-11), Austria (-9), Luxemburgo (-9) e Turquía (-8).

Países con menor fenda de xénero:

Letonia (7), República Checa (5), Estonia (5) e Bulgaria (5).



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE) / INE (2019) / EUROSTAT (2019)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes




3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat

A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial




Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres nos indicadores tratados anteriormente segundo as seguintes variables territoriais:





Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos é de 1,6 puntos porcentuais na Coruña e 0,6 en Pontevedra, mentres que favorece ás mulleres (usan dispositivos electrónicos con máis frecuencia) nas provincias orientais galegas.



Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No relativo ao tamaño do hábitat, cabe salientar que, nos concellos de menos de 5.000 habitantes, o uso de dispositivos dixitais é lixeiramente superior entre as mulleres. Aínda así as diferenzas de xénero son estatisticamente pouco significativas.

Áreas Comarcais

Porcentaxe de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais




A fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos é en todas ás áreas inferior a 4 puntos porcentuais.

Sete concellos con maior poboación de Galicia



Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

O maior uso de dispositivos electrónicos entre as mulleres sitúase no concello de Lugo (95,2%) e no da Coruña (93,5%), aínda que a maior fenda entre xénero atopámola en Ferrol (-6,4 puntos).



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A Coruña e Pontevedra son as provincias onde máis mulleres accederon a Internet nos últimos tres meses, cun 86,4% e 86,1% respectivamente. Nas catro provincias galegas a fenda de xénero é practicamente inexistente no uso da internet.



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A fenda de xénero no uso de internet é mínima, pouco significativa estatisticamente. Nos concellos de menos de 5.000 habitantes son as mulleres as que amosan maior uso de internet nos últimos tres meses.

Áreas Comarcais

Porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais




O uso de internet por xénero e comarcas presenta tendencias dispares pero cabe salientar que en Lugo oriental a diferenza supera 5 puntos porcentuais, a favor das mulleres internautas.

Sete concellos con maior poboación de Galicia



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Son novamente os concellos de Lugo (93,7%) A Coruña (91,6%) e o de Santiago (90,7%) onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres que usan Internet. A maior fenda no uso de Internet prodúcese no concello de Ferrol.



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A porcentaxe de persoas que compran a través de Internet é lixeiramente maior entre os homes que entre as mulleres en todas as provincias galegas, agás na provincia de Lugo onde as mulleres compran a través da Rede en maior medida que os homes.




Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e hábitat



Nas grandes cidades hai un maior uso do comercio electrónico e a fenda de xénero faise máis evidente; hai un maior uso da internet por parte dos homes que das mulleres (3,8 puntos porcentuais). Non obstante, nos concellos de menos de 5.000 habitantes, a porcentaxe de mulleres que compran por Internet é superior á dos homes.

Áreas Comarcais

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais




Nas áreas comarcais de Lugo Sur e Lugo Oriental as compras a través da Rede das mulleres superaron as compras dos homes en máis de 7 puntos porcentuais.

Sete concellos con maior poboación de Galicia



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2019 (OSIMGA + IGE)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No concello de Pontevedra atópase a maior distancia na compra electrónica en función do xénero, cun 68,9% de homes que fixeron compras a través de Internet fronte o 62,4% das mulleres.


En todos os grandes concellos hai unha fenda dixital na porcentaxe de persoas que compran por internet de 2,5 puntos porcentuais ou superior.



4. Conclusión



Uso de dispositivos electrónicos



Na actualidade, en Galicia apenas hai diferencias no uso de dispositivos electrónicos entre os homes e mulleres.

Os resultados amosan que o uso deste tipo de dispositivos é incluso superior entre as mulleres galegas, excepto nos tramos de idade máis avanzada.

Nesta variable, e nas que seguen na análise, a idade é o factor que máis incidencia ten na fenda de xénero no uso das TICs.



Uso de Internet



No uso de Internet, as diferenzas entre homes e mulleres son mínimas: O 85,9% dos galegos e o 85,3% das galegas utilizaron Internet nos últimos tres meses.

A fenda de xénero redúcese nun 80%, pasando de 3 puntos a 0,6 entre 2016 e 2019.

Só a partir dos 65 anos a porcentaxe de homes internautas é significativamente superior ao de mulleres. Tamén hai diferenzas nos niveis educativos inferiores ao secundario.



Compras a través da rede




Tres de cada catro mulleres galegas de 16 a 24 anos compraron a través de Internet, 6,1 puntos máis que os homes neste tramo de idade

Non obstante, en termos globais, a porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 2,1 puntos á que se rexistra entre as mulleres



Relación coas AAPP



As diferencias de uso da eAdministración entre galegas e galegos son mínimas.

Tanto na obtención de información, descarga e entrega de documentación ou obtención de documentos persoais, a fenda de xénero é inferior aos dous puntos porcentuais.



galicia

